

talaria, optimizando e redistribuíndo tódolos recursos actualmente existentes e introducindo as modificacións estruturais oportunas.

No **cadro 2.7.1.** ofrécese información sobre as consultas realizadas en atención primaria en Galicia clasificadas por lugar e tipo, co obxecto de destaca-la importancia das distintas modalidades. Os **cadros 2.7.2. e 2.7.3.** aportan información, para o período comprendido entre 1994 e 1997, dos indicadores de consultas e as porcentaxes de derivación no conxunto do Sergas, respectivamente, mentras que os **cadros 2.7.4. a 2.7.17.** recollen esa mesma información desagregada por direccións asistenciais. A partir de esa información pódese afirmar que nas consultas de atención primaria producíuse unha tendencia á redución das porcentaxes de derivación en radioloxía, laboratorio e especialidades.

No **cadro 2.7.18.** recóllese a estatística das consultas realizadas, durante 1997, nos servizos normais (SNU) e especiais (SEU) de urxencias no novo modelo de atención primaria de Galicia.

2.7.2.- Atención especializada

En atención especializada, como se destacará no capítulo próximo, a actividade está sendo influída pola aplicación das fórmulas de xestión baseadas no contrato-programa. Este instrumento permite que o Sergas firme pactos de actividade e de presupostación cos diferentes hospitais, nos que ten a oportunidade de defini-la produción que solicita de cada un deles, co obxecto de que estes se comprometan a acadala sen supera-la financiación otorgada.

A unidade escollida para medi-la actividade de hospitalización foi a UPH (unidade de produción de hospitalización), que, como se explicará máis detidamente no capítulo seguinte, é un instrumento de medida da produtividade relacionada coa hospitalización, que ten en conta non so o número, senón tamén a diversidade e complexidade

(*case-mix*) dos pacientes atendidos polo hospital.

A actividade ambulatoria contabilízase pola cifra das primeiras consultas atendidas, as urxencias non ingresadas e as intervencións ambulatorias realizadas. Coa implantación deste criterio preténdese que o sistema dispoña de mecanismos de búsqueda de eficiencia asignativa, para conseguila orientación dos recursos dispoñibles ós obxectivos, vencellando a financiación dos centros co número e complexidade da patoloxía dos pacientes atendidos e facendo máis transparente a xestión asistencial e presupostaria.

Nese sentido, cabe destaca-la actualización da carteira de servizos e unidades en tódolos hospitais da rede, co obxecto de establece-la oferta de servizos e vencella-la creación de novas unidades á autorización por parte da Dirección do Sergas, previo establecemento da financiación correspondiente.

Así mesmo, cos pactos de actividade e presupostación preténdese incentiva-las áreas calificadas de interese estratéxico, co obxecto de optimiza-los recursos e acadala maior eficiencia posible. En 1997, esta política primou a cirurxía ambulatoria ou de ciclo rápido e a mellora das calidades científico-técnica e asistencial.

Como se indicará no capítulo seguinte, o establecemento da codificación diagnóstica permite dispoñer dunha metodoloxía que agrupa as altas en función da súa complexidade, constituíndo a base do novo sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos. Este sistema, ademais de poder empregarse na medición da produtividade de hospitalización, é útil á hora de avala-la demanda (novas áreas clínicas) e elaborar información sobre a actividade (reingresos, altas de 0 e 1 días, altas potencialmente ambulatorias, mortalidade, infeccións nosocomiais, etc.).

5,0% dos mesmos no tramo de máis de 6 meses, mentres que a finais deste ano esta porcentaxe era de tan so un 3,2%.

Como se verá na información suministrada polo **cadro 2.8.1.** (no vindeiro capítulo), o estudio da casuística permite analiza-la produtividade en relación co número e complexidade da patoloxía atendida. En 1997, o GRD 373 (parto sen complicacións) foi o responsable do maior número de altas válidas, seguido do GRD 39 (procedementos sobre cristalino con ou sen vitrectomía). Os 25 primeiros GRD foron responsables do 32,5% das altas válidas e do 23,8% das UPH.

Finalmente, o hospital Nicolás Peña, situado na cidade de Vigo, foi transferido ó Sergas en 1994. Trátase dun centro de hospitalización de media e longa estadía, tal como se reflicte nos indicadores que se representan no **cadro 2.7.61.**

2.7.3.- Actividade concertada

• **Hospitalización e consultas.-** A actividade concertada de hospitalización e consultas durante 1997 realizouse en 30 centros, **cadro 2.7.62..** Esta actividade supuxo ó longo do ano, entre outras, a realización de 10.816 intervencións ambulatorias, 488 de cirurxía cardíaca e 275.028 consultas, cunha facturación total de case 13.257 millóns de pesetas, ver **cadro 2.7.63.**

Na distribución da provincia de Pontevedra, destaca a transcendencia do concerto firmado co Policlínico de Vigo, S.A. (Povisa), que desde o ano 1993 ven realizando a prestación de servizos de atención especializada como entidade vencellada á área de saúde de Vigo. O resumo da súa actividade ó longo deste ano preséntase no **cadro 2.7.64.**

• **Diálise.-** O número, relación nominal e distribución da actividade e facturación de diálise por provincia preséntase a continuación, recolléndose a información nos **cadros 2.7.65 e 2.7.66.**

A actividade de diálise concertada supuxo a realización de 111.743 sesións cunha facturación total de 1.621 millóns de pesetas.

• **Rehabilitación.-** Para a realización de sesións de rehabilitación utilizáronse as dependencias de 12 centros concertados, dos que a súa distribución e localización se detalla no **cadro 2.7.67.**, mentres que a súa actividade recóllese no **cadro 2.7.68.** Neste mesmo cadro recóllese a facturación correspondente á rehabilitación concertada, así como a facturación correspondente a outras prestacións concertadas, como transporte sanitario, ortopedia e osíxenoterapia.

2.7.4.- Centros de orientación familiar

En 1997, a información sobre a actividade de consultas que foi desenvolvida nos Centros de Orientación Familiar ofrécese no **cadro 2.7.69.**

2.7.5.- Unidades de desintoxicación hospitalaria (UDH)

As unidades, integradas no Plan de Galicia sobre Drogas, creáronse cun triple obxectivo:


- 1.- Elimina-la dependencia física.
- 2.- Conseguir unha orientación ou derivación axeitada a un determinado recurso.
- 3.- Promover no paciente actitudes positivas de cara a etapas posteriores do proceso terapéutico.

A poboación receptora estaría constituída por personas con algunha das seguintes características:

- 1.- Coexistencia dunha patoloxía orgánica ou psíquica grave que esixa un tratamento simultáneo nun medio máis especializado que a UDH.
- 2.- Fracasos repetidos en desintoxicación ambulatoria.

Esquema 2.7.1.

Estructura orgánica das urxencias sanitarias



Fonte: Sergas, Memoria de actividad 1997.

- Atención sanitaria urxente: coordinación e asignación de equipos profesionais e recursos móbiles en casos de emerxencia.

- Información para a saúde (Infosalud): orientación sobre servizos sanitarios para a poboación (centros de saúde, farmacias de garda, etc.).

- Consultoría médica: asesoramento médico telefónico sobre problemas ou dúbidas en materia de saúde.

- Servizos preventivos: organización de dispositivos sanitarios ante eventos de concurrencia pública.

- Formación en coordinación sanitaria urxente: dirixida tanto á poboación como a profesionais do sector.

A súa estrutura orgánica amósase no **esquema 2.7.1.**

Nos **cadros 2.7.72. e 2.7.73.** preséntanse os datos básicos dos recursos humanos e móbiles, mentres que a actividade desenvolvida ó longo do ano 1997 pode consultarse nos **cadros 2.7.74. e 2.7.75.** Urxencias Sanitarias 061 atendeu 77.815 demandas ó longo deste ano 1997, o que supón unha media diaria de 213,2.

Polo que respecta ás emerxencias atendidas polas unidades de soporte vital

avanzado, que estivo en funcionamento do 1 de xullo ó 31 de decembro de 1997, cabe dicir que, dos servizos efectivos, o 54,8% trasládanse pola propia ambulancia medicalizada a un centro ou hospital de referencia. Respecto á asistencia, o 32,1% é asistido e tratado no propio punto da emerxencia, mentres que os demais casos son asistidos pola ambulancia medicalizada e, posteriormente, trasladados por outros recursos. En 1997, o tempo medio de desplazamento, incluíndo traxectos urbanos e rurais, foi de 8 minutos e 11 segundos.

Nos servizos realizados polos helicópteros medicalizados, o 53,2% orixináronse por accidentes de tráfico acaecidos, principalmente, en vía interurbana. Dos servizos efectivos, o 60,5% foron trasladados en helicóptero ó hospital; un 14,8% se atenderon e trataron no punto de emerxencia e o resto foron atendidos e trasladados por outros recursos. O tempo medio de desplazamento foi de 12 minutos e 29 segundos. A patoloxía máis frecuente, como se pode deducir, é a traumatolóxica seguido en orden de frecuencia pola patoloxía cardiovascular.

Atendéronse tamén un total de 16.364 chamadas sobre pacientes en idade pediátrica, o que supón unha media de 44,8 ó

que representa unha taxa de 258,5 pmp e un incremento do 34,0% con respecto ao ano anterior, ver **cadro 2.7.83**.

Esta actividade transplantadora é a maior na historia do transplante en Galicia, desde que en 1981 comenzara o transplante renal na provincia da Coruña.

A actividade foi realizada en 9 centros hospitalarios, entre os que figuran 2 de titularidade privada, Povisa, de Vigo, que fixo transplante de tecido óseo, e a clínica Gutiérrez de la Coruña, que implantou córneas.

Se comparámo-la actividade en Galicia e no conxunto de España, vemos que as taxas galegas superan con amplitude ás españolas, chegando incluso a duplicalas cando de transplante cardíaco se trata. Sen embargo as cousas cambian cando se fai a mesma comparación con respecto aos tecidos, estando as taxas de Galicia por debaixo das de España, exceptuándose o caso dos implantes de segmentos vasculares.

Polo que se refire ao transplante de ril, fixéronse 140, o que representa un pequeno incremento sobre o exercicio anterior (3,7%). Este incremento baséase na actividade do C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza, que pasou de 101 a 115 intervencións, compensando así o retroceso experimentado polo C.H. Universitario de Santiago, que pasou de 34 a 25 transplantes.

En Galicia hai un único programa de transplante cardíaco, o de C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza, que se iniciou en 1991 e que este ano consolidou o seu liderato a nivel estatal, con 46 transplantes, o que representa unha taxa próxima aos 17 por millón de habitantes, dobrando a media española.

Para a realización de transplante hepático hai dous hospitais acreditados na Comunidade Autónoma de Galicia, o C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza, que realizou 52

intervencións ó longo do ano, e o C.H. Universitario de Santiago, con 42 intervencións. Desde o inicio destes programas, o incremento da actividade anual foi constante, ata chegar neste exercicio a unha taxa que supera os 34 pmp, superando en máis de 14 puntos a media estatal.

Os 6 hospitais acreditados en Galicia para realizar transplante de proxenitores hematopoiéticos incrementaron a súa actividade con respecto ao ano anterior, excepto o C. H. Xeral-Cíes. Destacan o C.H. Cristal-Piñor e o C.H. Xeral-Calde que pasaron de 2 a 13 e de 5 a 16 intervencións respectivamente. Dos 126 transplantes realizados, 122 foron autólogos e 4 aloxénicos emparentados, repartidos a partes iguais, 2 e 2, entre os C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza e o C.H. Universitario de Santiago. Polo que respecta á orixe dos proxenitores hematopoiéticos, en 121 transplantes foron procedentes de sangue periférico e nos 5 restantes se obtiveron de médula ósea.

Os 136 transplantes de córnea foron realizados en 6 centros hospitalarios, pois o C.H. Xeral-Calde e o Hospital Montecelo, aínda estando acreditados, non realizaron ningunha intervención. Numéricamente, destacou o C.H. Universitario de Santiago, con 55 transplantes.

En Galicia rexistráronse no ano 1997 un total de 136 implantes de tecido óseo, ou que representa unha taxa de 49,6 pmp, mentras que a media española se sitúa en 116,9.

Finalmente realizáronse tamén 29 implantes de segmentos vasculares en 19 pacientes, no C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza e no C.H. Xeral-Cíes, e se utilizou pel almacenada do banco de tecidos do primeiro deles para tratar a 2 pacientes.

• **Xenotransplantes.**- O Complexo Hospitalario Juan Canalejo-Marítimo de Oza é un dos dez centros a nivel mundial e o

mento pública de auga e outro debido á intoxicación por pentaclorofenol (substancia utilizada no tratamento da madeira).

Entre as novidades relacionadas coas enfermidades inmunoprevisibles cabe destaca-lo comenzo da vixiancia da parálise flácida aguda en menores de 15 anos, que é parte das actividades desenvolvidas co obxecto de obte-lo certificado de eliminación da poliometelita da rexión europea da OMS. O sarampelo acadou o seu mínimo histórico, 39 casos, ubicándose xa nun contexto axeitado para comenza-las actividades de control, que co tempo levarán a súa eliminación. Tamén foron baixas as incidencias de rubeola (53 casos, ningunha conxénita) e a parotidite (159 casos). Finalmente, se declararon 6 casos de tétanos, incidencia que vai na liña dos últimos anos.

A sida constitúe un dos problemas máis importantes de saúde pública. No ano 1997 declaráronse en Galicia 247 casos, o que representa unha incidencia de 90,8 por millón de habitantes. O 64,9% pertencen á categoría de usuarios de drogas por vía parenteral (UDVP), o 26,4% á transmisión heterosexual, o 6,5% a varóns homo/bisexuais e o 2,2% á transmisión por sangue ou hemoderivados.

No **gráfico 2.7.1.** ofrécese información estatística respecto á evolución desas categorías para o período 1984-1997, á vez que se representa o número de casos rexistrado nese mesmo período de tempo. A partir de dita información, pódese sinala-la tendencia a diminuír da transmisión por medio de sangue ou hemoderivados, o aumento da transmisión heterosexual e o elevado número de casos transmitidos por UDVP. O grupo de varóns homo/bisexuais presenta pequenas oscilacións que tenden á baixa.

Segundo a **Enquisa de Morbilidad Hospitalaria** (INE, 1994) a distribución de estadías en Galicia foi moi similar á do conxunto do Estado. A diagnose definitiva que causou a maior parte das estadías en Gali-

cia foron os trastornos mentais (14,01%), seguido das enfermidades do aparato circulatorio (12,53%) e dixestivo (9,18%). Comparando as distribucións de Galicia coa correspondente ó total nacional, destaca a diferenza observada nas estadías ocasionadas polos trastornos mentais, que representan en Galicia o 14,01% fronte ó 19,91% rexistrado en España, ver **gráfico 2.7.2.**

Finalmente, a **Enquisa Nacional de Saúde** realizada en 1997 é a cuarta aproximación global que realiza o Ministerio de Sanidad y Consumo, tralas enquisas de 1987, 1993 e 1995, para coñece-lo estado de saúde percibido polos cidadáns.

Os principais resultados relacionados coa morbilidade percibida e a avaliación da calidade do servizo público, obtida a partir dunha enquisa que proporciona información sobre o grado de satisfacción coa utilización dos medios sanitarios públicos, **gráfico 2.7.3.**; a atribución de carencias ós medios sanitarios públicos, **gráfico 2.7.4.**, e as demandas de mellora establecidas polos usuarios, **gráfico 2.7.5.**

A distribución porcentual da mortalidade por causas no ano 1995 foi moi similar á do resto dos países desenvolvidos, ocupando as enfermidades cardiovasculares, os tumores e as enfermidades do aparato respiratorio os tres primeiros lugares, ver **gráfico 2.7.6.**

As taxas de mortalidade brutas e específicas por causas valoran tódalas mortes nas mesmas condicións, sen ter en conta a idade á que esta se produce. Esta consideración, especialmente relevante desde o punto de vista sanitario, pódese valorar axeitadamente a través dos anos potenciais de vida perdidos (APVP), como unha medida que informa tanto da importancia cuantitativa (número) como cualitativa (idade de presentación) das mortes ocorridas, ver **cadro 2.7.84.**

A mortalidade por grupos de idade per-

poñible, véxase **cadro 2.7.87.**, durante os anos 1995, 1996 e 1997, en Galicia rexistráronse unhas ratios de infeccións potencialmente nosocomiais que son menores que as obtidas na zona do Insalud-Xestión Directa, tanto no que se refire á categoría de infeccións cirúrxicas como ó indicador total de infeccións potencialmente nosocomiais.

Como se indicou ó principio deste punto, a información estatística mencionada recóllese de seguido. ■

Cadro 2.7.5.**Porcentaxes de derivación de A Coruña 1995-97**

	Medicina xeral					Pediatria				
	1995	1996	1997	96/95	97/96	1995	1996	1997	96/95	97/96
Radioloxía	1,4	1,7	0,7	23,6	-59,5	0,7	0,6	0,5	-16,9	-15,3
Laboratorio	6,5	5,0	3,9	-23,3	-21,7	1,1	1,2	0,9	11,2	194,1
Especialidades	2,9	3,2	2,2	12,5	-31,9	3,8	1,0	1,0	-74,9	108,3

Fonte: elaboración propia a partir de Sergas, División de Asistencia Sanitaria

Cadro 2.7.6.**Indicadores de consultas de Ferrol 1995-97**

	Consultas profesional / día					Consultas habitante / ano				
	1995	1996	1997	96/95	97/96	1995	1996	1997	96/95	97/96
Medicina xeral	35,6	32,7	40,9	-7,9	24,9	5,8	5,3	5,4	-9,2	2,9
Pediatria	19,9	20,2	20,2	1,4	0,0	4,1	3,7	4,5	-11,0	23,0
Enfermería	15,4	15,2	20,2	-1,6	33,2	2,5	2,5	2,4	-1,6	-3,2

Fonte: elaboración propia a partir de Sergas, División de Asistencia Sanitaria

Cadro 2.7.7.**Porcentaxes de derivación de Ferrol 1995-97**

	Medicina xeral					Pediatria				
	1995	1996	1997	96/95	97/96	1995	1996	1997	96/95	97/96
Radioloxía	1,1	1,3	1,2	12,4	-5,5	1,6	1,7	0,8	5,0	-52,4
Laboratorio	3,6	3,3	3,7	-8,6	12,5	3,7	4,2	2,4	15,6	-43,3
Especialidades	2,9	2,5	3,1	-14,9	26,0	2,7	2,3	1,5	-12,9	-35,1

Fonte: elaboración propia a partir de Sergas, División de Asistencia Sanitaria

Cadro 2.7.8.**Indicadores de consultas de Santiago de Compostela 1995-97**

	Consultas profesional / día					Consultas habitante / ano				
	1995	1996	1997	96/95	97/96	1995	1996	1997	96/95	97/96
Medicina xeral	32	36,0	49,8	12,6	38,3	6,7	6,9	6,7	3,5	-2,9
Pediatria	16,4	18,1	12,0	10,6	-33,7	2,7	3,4	2,1	25,8	-38,4
Enfermería	13,5	16,4	19,1	21,8	16,5	2,5	2,8	1,8	15,1	-36,2

Fonte: elaboración propia a partir de Sergas, División de Asistencia Sanitaria

Cadro 2.7.13.**Porcentaxes de derivación de Ourense 1995-97**

	Medicina xeral					Pediatria				
	1995	1996 (1)	1997	96/95	97/96	1995	1996 (1)	1997	96/95	97/96
Radioloxía	1,2		1,3			2,6		1,1		
Laboratorio	3,5		3,6			5,7		3,1		
Especialidades	2,6		2,5			1,8		1,1		

(1) información no disponible

Fonte: elaboración propia a partir de Sergas, División de Asistencia Sanitaria

Cadro 2.7.14.**Indicadores de consultas de Pontevedra 1995-97**

	Consultas profesional / día					Consultas habitante / ano				
	1995	1996	1997	96/95	97/96	1995	1996	1997	96/95	97/96
Medicina xeral	21,5	23,4	37,3	9,1	59,1	3,9	4,5	4,5	17,1	-0,7
Pediatria	16,8	20,7	25,6	23,3	23,9	3,1	3,7	3,4	21,0	-9,1
Enfermería	14,7	16,8	13,9	14,3	-17,1	2,6	3,0	1,3	15,2	-56,1

Fonte: elaboración propia a partir de Sergas, División de Asistencia Sanitaria

Cadro 2.7.15.**Porcentaxes de derivación de Pontevedra 1995-97**

	Medicina xeral					Pediatria				
	1995	1996 (1)	1997	96/95	97/96	1995	1996 (1)	1997	96/95	97/96
Radioloxía	2,6	1,9	1,6	-27,3	-15,3	1,6	1,8	1,2	11,7	-33,7
Laboratorio	6,0	4,8	4,1	-20,4	-14,0	3,5	3,8	2,5	8,6	-33,9
Especialidades	3,1	2,4	2,2	-22,2	-9,1	1,7	5,0	2,0	190,6	-59,8

(1) información no disponible

Fonte: elaboración propia a partir de Sergas, División de Asistencia Sanitaria

Cadro 2.7.16.**Indicadores de consultas de Vigo 1995-97**

	Consultas profesional / día					Consultas habitante / ano				
	1995	1996	1997	96/95	97/96	1995	1996	1997	96/95	97/96
Medicina xeral	26,6	29,3	41,9	10,2	43,1	5,4	5,3	5,9	-1,7	11,3
Pediatria	22,6	24,1	30,4	6,9	25,9	6,2	6,5	6,0	5,0	-8,3
Enfermería	15,2	(1)	11,9	(1)	(1)	3,3	(1)	1,3	(1)	(1)

(1) información no disponible

Fonte: elaboración propia a partir de Sergas, División de Asistencia Sanitaria

Cadro 2.7.19.

Actividade asistencial do Sergas 1996-97

Xornada Ordinaria		1996	1997	97/96
HOSPITALIZACIÓN				
ACTIVIDADE	Estadías	2.008.778	1.962.736	-2,3
INDICADORES	Ingresos	211.368	215.976	2,2
	Traslados internos	30.196	32.927	9,0
	Frecuentación hospitalaria	87,0	88,9	2,2
	Estadía media global	9,5	9,1	-4,4
	Estadía media materno-infantil	5,6	5,4	-3,4
	% de ocupación	82,0	80,2	-2,2
CIRÚRXICA	Índice de rotación	32,7	33,4	2,1
ACTIVIDADE	Intervencións totais	110.994	113.845	2,6
INDICADORES	Intervencións programadas	82.596	84.560	2,4
	Intervencións urxentes	28.398	29.285	3,1
	Intervencións ambulatorias	27.465	29.008	5,6
	Frecuentación cirúrxica	45,7	46,84	2,6
	% de intervencións ambulatoria	24,7	25,5	3,0
	Estadía media preoperatoria	3,5	3,1	-11,3
	% de asignación de quirófano	74,4	79,6	6,9
	% de utilización de quirófano	51,5	55,8	8,3
	Rendemento de quirófano (%)	69,2	70,1	1,3
	Índice de programación (%)	74,4	74,3	-0,2
OBSTÉTRICA				
ACTIVIDADE	Partos	12.668	12.704	0,3
INDICADORES	Cesáreas	3.264	3.226	-1,2
	Taxa de cesáreas (%)	20,5	20,3	-1,2
CONSULTAS				
ACTIVIDADE	Consultas totais	1.897.748	2.052.795	8,2
INDICADORES	Primeiras consultas	501.373	543.677	8,4
	Consultas sucesivas	1.396.375	1.509.118	8,1
	Frecuentación de consultas	780,8	844,6	8,2
URXENCIAS	Relación sucesivas/primeiras	2,8	2,8	-0,3
ACTIVIDADE	Urxencias atendidas	766.871	794.430	3,6
INDICADORES	Ingresos urxentes	142.611	146.252	2,6
	Frecuentación de urxencias	315,5	326,9	3,6
	Presión de urxencias (%)	67,5	67,7	0,4
	% de urxencias ingresadas	18,6	18,4	-1,0
	Urxencias/día	2.095,3	2.176,5	3,9
XORNADA EXTRAORDINARIA				
ACTIVIDADE	Intervencións totais ^{programadas}	8.549	10.489	22,7
	Consultas totais	12.075	16.393	35,8
CENTROS DE ESPECIALIDADES				
ACTIVIDADE	Intervencións totais ^{programadas}	10.710	10.846	1,3
	Consultas totais	1.400.892	1.450.797	3,6
ACTIVIDADE GLOBAL				
CIRÚRXICA				
ACTIVIDADE	Intervencións totais	130.253	135.180	3,8
INDICADORES	Intervencións programadas	101.855	105.895	4,0
	Intervencións urxentes	28.398	29.285	3,1
	Intervencións ambulatorias	39.939	41.773	4,6
	Frecuentación cirúrxica	53,6	55,6	3,8
	% de intervencións ambulatoria	30,7	30,9	0,8
	Índice de programación (%)	78,2	78,3	0,2
CONSULTAS				
ACTIVIDADE	Consultas totais	3.310.715	3.517.120	6,2
INDICADORES	Primeiras consultas	1.035.614	1.092.829	5,5
	Consultas sucesivas	2.275.101	2.424.291	6,6
	Frecuentación de consultas	1.362,2	1.447,1	6,2
	Relación sucesivas/primeiras	2,2	2,2	1,0

As frecuentacións son por 10³ hab.

Fuente: Subdirección Xeral de Información Sanitaria

Cadro 2.7.21.

Actividade asistencial do C.H. Universitario de Santiago 1996-97

Xornada Ordinaria		1996	1997	97/96
HOSPITALIZACIÓN				
ACTIVIDADE	Estadías	363.348	362.067	-0,4
INDICADORES	Ingresos	34.406	35.037	1,8
	Traslados internos	8.548	8.207	-4,0
	Frecuentación hospitalaria	84,6	86,1	1,8
	Estadía media global	10,6	10,3	-2,1
	Estadía media materno-infantil	6,7	6,5	-2,3
	% de ocupación	88,4	85,1	-3,6
CIRÚRXICA				
ACTIVIDADE	Intervencións totais	19.459	20.340	4,5
INDICADORES	Intervencións programadas	14.775	15.326	3,7
	Intervencións urxentes	4.684	5.014	7,0
	Intervencións ambulatorias	5.313	5.541	4,3
	Frecuentación cirúrxica	47,83	49,99	4,5
	% de intervencións ambulatoria	27,3	27,2	-0,2
	Estadía media preoperatoria	4,6	4,1	-10,0
	% de asignación de quirófano	72,5	73,3	1,1
	% de utilización de quirófano	53,8	54,2	0,8
INDICADORES	Rendemento de quirófano (%)	74,1	73,9	-0,3
	Índice de programación (%)	75,93	75,35	-0,8
OBSTÉTRICA				
ACTIVIDADE	Partos	2.312	2.152	-6,9
INDICADORES	Cesáreas	334	388	16,2
	Taxa de cesáreas (%)	12,62	15,28	21,0
CONSULTAS				
ACTIVIDADE	Consultas totais	467.298	508.197	8,8
INDICADORES	Primeiras consultas	129.632	145.187	12,0
	Consultas sucesivas	337.666	363.010	7,5
	Frecuentación de consultas	1.148,5	1.249,1	8,8
INDICADORES	Relación sucesivas/primeiras	2,6	2,5	-4,0
URXENCIAS				
ACTIVIDADE	Urxencias atendidas	118.723	122.680	3,3
INDICADORES	Ingresos urxentes	23.958	23.666	-1,2
	Frecuentación de urxencias	291,80	301,53	3,3
	Presión de urxencias (%)	69,63	67,55	-3,0
	% de urxencias ingresadas	20,18	19,29	-4,4
	Urxencias/día	324,4	336,1	3,6
XORNADA EXTRAORDINARIA				
ACTIVIDADE	Intervencións totais programadas	1.535	1.694	10,4
	Consultas totais	7.184	10.975	52,8
CENTROS DE ESPECIALIDADES				
ACTIVIDADE	Intervencións totais programadas	n/d	n/d	n/d
	Consultas totais	86.673	82.500	-4,8
ACTIVIDADE GLOBAL				
CIRÚRXICA				
ACTIVIDADE	Intervencións totais	20.994	22.034	5,0
INDICADORES	Intervencións programadas	16.310	17.020	4,4
	Intervencións urxentes	4.684	5.014	7,0
	Intervencións ambulatorias	5.835	6.115	4,8
	Frecuentación cirúrxica	51,6	54,2	5,0
	% de intervencións ambulatoria	27,8	27,8	-0,1
	Índice de programación (%)	77,7	77,2	-0,6
CONSULTAS				
ACTIVIDADE	Consultas totais	561.155	601.672	7,2
INDICADORES	Primeiras consultas	168.306	189.252	12,4
	Consultas sucesivas	392.849	412.420	5,0
	Frecuentación de consultas	1.379,2	1.478,8	7,2
	Relación sucesivas/primeiras	2,3	2,2	-6,6

As frecuentacións son por 10³ habs.

Fuente: Subdirección Xeral de Información Sanitaria

Cadro 2.7.23.

Actividade asistencial do C.H. Xeral-Calde 1996-97

Xornada Ordinaria		1996	1997	97/96
HOSPITALIZACIÓN	Estadías			
ACTIVIDADE		216.205	212.823	-1,6
	Ingresos	20.424	20.593	0,8
	Traslados internos	2.612	2.375	-9,1
INDICADORES	Frecuentación hospitalaria	88,5	89,3	0,8
	Estadía media global	10,6	10,3	-2,4
	Estadía media materno-infantil	6,0	5,6	-6,5
	% de ocupación	84,5	82,8	-2,0
	Índice de rotación	29,2	29,3	0,1
CIRÚRXICA				
ACTIVIDADE	Intervencións totais	9.398	9.956	5,9
	Intervencións programadas	6.285	6.913	10,0
	Intervencións urxentes	3.113	3.043	-2,2
	Intervencións ambulatorias	1.878	2.016	7,3
INDICADORES	Frecuentación cirúrxica	40,74	43,16	5,9
	% de intervencións ambulatoria	20,0	20,2	1,3
	Estadía media preoperatoria	3,5	2,4	-30,5
	% de asignación de quirófano	69,4	69,9	0,8
	% de utilización de quirófano	51,9	53,7	3,6
	Rendemento de quirófano (%)	74,8	76,8	2,7
	Índice de programación (%)	66,88	69,44	3,8
OBSTÉTRICA				
ACTIVIDADE	Partos	837	918	9,7
	Cesáreas	350	317	-9,4
INDICADORES	Taxa de cesáreas (%)	29,49	25,67	-12,9
CONSULTAS				
ACTIVIDADE	Consultas totais	184.736	202.291	9,5
	Primeiras consultas	38.710	44.587	15,2
	Consultas sucesivas	146.026	157.704	8,0
INDICADORES	Frecuentación de consultas	800,8	876,8	9,5
	Relación sucesivas/primeiras	3,8	3,5	-6,2
URXENCIAS				
ACTIVIDADE	Urxencias atendidas	62.306	65.616	5,3
	Ingresos urxentes	14.960	15.850	5,9
INDICADORES	Frecuentación de urxencias	270,07	284,42	5,3
	Presión de urxencias (%)	73,25	76,97	5,1
	% de urxencias ingresadas	24,01	24,16	0,6
	Urxencias/día	170,2	179,8	5,6
XORNADA EXTRAORDINARIA				
ACTIVIDADE	Intervencións totais ^{programadas}	844	957	13,4
	Consultas totais	n/d	163	n/d
CENTROS DE ESPECIALIDADES				
ACTIVIDADE	Intervencións totais ^{programadas}	n/d	n/d	n/d
	Consultas totais	149.548	151.222	1,1
ACTIVIDADE GLOBAL				
CIRÚRXICA				
ACTIVIDADE	Intervencións totais	10.242	10.913	6,6
	Intervencións programadas	7.129	7.870	10,4
	Intervencións urxentes	3.113	3.043	-2,2
	Intervencións ambulatorias	1.900	2.175	14,5
INDICADORES	Frecuentación cirúrxica	44,4	47,3	6,6
	% de intervencións ambulatoria	18,6	19,9	7,4
	Índice de programación (%)	69,6	72,1	3,6
CONSULTAS				
ACTIVIDADE	Consultas totais	334.284	353.676	5,8
	Primeiras consultas	87.825	91.282	3,9
	Consultas sucesivas	246.459	262.394	6,5
INDICADORES	Frecuentación de consultas	1.449,0	1.533,0	5,8
	Relación sucesivas/primeiras	2,8	2,9	2,4

As frecuentacións son por 10³ hab.

Fonte: Subdirección Xeral de Información Sanitaria

Cadro 2.7.25.

Actividade asistencial do Hospital Comarcal de Monforte 1996-97

Xornada Ordinaria		1996	1997	97/96
HOSPITALIZACIÓN				
ACTIVIDADE	Estadías	32.347	31.484	-2,7
INDICADORES	Ingresos	4.536	4.335	-4,4
	Traslados internos	89	86	-3,4
	Frecuentación hospitalaria	77,2	73,7	-4,4
	Estadía media global	7,1	7,3	1,8
	Estadía media materno-infantil	4,3	4,3	0,0
	% de ocupación	64,5	65,2	1,0
	Índice de rotación	33,1	32,8	-1,1
CIRÚRXICA				
ACTIVIDADE	Intervencións totais	3.163	3.224	1,9
	Intervencións programadas	2.483	2.465	-0,7
	Intervencións urxentes	680	759	11,6
INDICADORES	Intervencións ambulatorias	1.066	1.159	8,7
	Frecuentación cirúrxica	53,80	54,84	1,9
	% de intervencións ambulatoria	33,7	35,9	6,7
	Estadía media preoperatoria	1,9	2,0	5,3
	% de asignación de quirófano	46,1	49,6	7,6
	% de utilización de quirófano	30,7	31,4	2,5
	Rendemento de quirófano (%)	66,5	63,4	-4,7
	Índice de programación (%)	78,50	76,46	-2,6
OBSTÉTRICA				
ACTIVIDADE	Partos	199	182	-8,5
	Cesáreas	53	54	1,9
INDICADORES	Taxa de cesáreas (%)	21,03	22,88	8,8
CONSULTAS				
ACTIVIDADE	Consultas totais	51.764	53.531	3,4
	Primeiras consultas	14.909	18.620	24,9
	Consultas sucesivas	36.855	34.911	-5,3
INDICADORES	Frecuentación de consultas	880,4	910,5	3,4
	Relación sucesivas/primeiras	2,5	1,9	-24,2
URXENCIAS				
ACTIVIDADE	Urxencias atendidas	19.903	19.417	-2,4
